

# CASTELAO POLITICO

A vinte anos do seu pasamento, a personalidade de Castelao abrangue de cote unha meirande fondura e proxección dimensional non somentes en Bos Aires, onde a nosa colectividade tivo o privilexio de recoller o ideario patriótico do esgrevio mestre, sazonado pola experiencia dos seus anos derradeiros, senón tamen no resto do mundo galego: nas colonias da emigración en América, onde o amparo de ter libre espallamento a súa obra poido ser doadamente coñecida como tamén na mesma Galiza peninsular na que, pese os atrincoos impostos polo réxime mais cruel e cavernario de que teñan lembranza os anais da nosa historia, o mensaxe de evanxeización patriótica de Castelao recada cada vegada novas i entusiastas adhesións no mundo estudantil, obreiro, intelectual i-en todos os ambientes anxeiosos de progreso e liberdade.

Máis veleiquí que no chán galego, os xerarcas do centralismo domeador e os seus cipaíos indixenas impoñentes pra deter o crecente coñecimento e popularidade do quefacer patriótico e humanista de Castelao, deron dende fai tempo na teima de tencionar empequenece-lo, coa hipócrita finalidade de mancar o seu credo ideolóxico enroitado a un ouxetivo concreto: A exaltación i-espallamento dunha doutrina política, de esencia e contido vernáculo, encamiñada a conquistar a liberdade da nosa escravizada Patria e a espertar a conciencia de comunidade nacional do noso povo.

De tal xeito non resulta difícil que con calisquera pretexto ou acontecer, se poidan ouservar nas páxinas dos xornales galegos e inda hispanos, noticias e comentarios destituídos a louvar os valores de artista ou de escritor de Castelao. E mais; inclusive algúns persoeiros do réxime asovallador non reparan en gabar en público o arte e a literatura do noso guieiro como querendónos decir: "Vos queredes a Castelao, nós tamen; veleiquí entón que non somos tan déspotas como se nos quer facer aparecer, como se amosra en que non nos opomos a que se honre e prestixie a quen pra elo se faga merescental"

Si, é certo; Castelao foi un artista esgrevio, un autor e humorista xenial e un escritor de tais quilates, que enriqueceu a nosa fala con unha prosa de tan enxebre e fresca beleza que inda oxe non poido ser superado por ningún. Mais todos estes aspectos creadores do xenio do noso guieiro, non son nin mais nin menos que as pezas de que está composto o moimento que constitui a súa doutrina política: Iso foi Castelao, un POLITICO que se valeu do arte, da literatura, do humorismo etc., pra eixpresar o seu mensaxe reivindicador da nacionalidade galega. Louvar e glorificar a Castelao artista, escritor, humorista etc., e un xeito hipócrita de tencionar mancar a grandeza e trascendencia da súa loita patriótica, expoñente de toda unha vida adicada a Galiza con sacrificio e renunciamento das regalías e bens materiais que por meio do seu arte e talento maxistral a vida lle ofrecera xenerosa.

Si, Castelao foi un POLITICO como o foron Masarik, De Valera, Juarez, Bolivar, Martí, Gandhi... na mais noble e grandeira sinificación que ise calificativo representa, porque a POLITICA non é un quefacer "tabú", algo gafoso e malsán pra a saúde dos países e o benestar dos povos como dende sempre quixeron e queren demostrar os déspotas de todos os tempos e totalas latitudes. Non, a POLITICA é a aitividade mais noble e xenerosa que pode e debe desenrolar un cidadán que sinta respecto por si mesmo, polo seu fogar e pola comunidade nacional á que pertence. Non é acaso a POLITICA o arte e a ciencia de gobernar? ¿Conque dereito pois se lle pode eixistir a un cidadán conscente, que renuncie a intervir en todo aquilo que atinxe ó exercicio dos seus irrenunciabéis deberes cal son os de coidar como millor lle pareza o seu propio benestar, o da súa familia e da súa nación?

Castelao tiña vocación política porque lle sobraba xenerosidade e barileza, cal amostan todos aqueles que teñen pleamente desenrolada a súa capacidade de vaor cívico, unha das mais fermosas virtudes que poden adoviar a un cidadán; emporiso estalaba de carraxe perante aqueles que refugan da POLITICA sexa por egoísmo ou por carencia de pulos xenerosos e amostan un espírito de cobardía envilecida e resiniada namentras Galiza se desangra na emigración e no estancamento económico e social. Castelao era un POLITICO, porque sin pedir ren pra si mesmo, soupo dárelle á súa comunidade galega o froito do seu talento pra lle sinalar un roteiro de reivindicación, progreso e liberdade.

## FALESCEU DOÑA VIRXINIA PEREIRA DE CASTELAO

O cable trouxo a tristeira nova: finou Dona Virxinia!

Falesceu o día 23 do xaneiro ppdo. en Madrid, lonxe de Galiza, onde se achaba ocasionalmente, arrodada do afecto de familiares e amigos.

A colectividade galega recebeu a noticia con fonda dor, xa que era muito o agarimo e o respecto que sentía por esta nobre muller que con tanta dignidade mantíña a lembranza do seu ilustre esposo.

Dona Virxinia foi o prototipo da compañeira ideal de Castelao. Foi no en vida, a cada intre, no infortunio e na esperanza, identificada entranablemente coa obra do artista, do guieiro, posta ó servizo do seu povo.

Fai un tempo viaxou á Terra co gallo de asistir á publicación dunha serie de "Estampas de negros" de

Castelao, feitas ó seu paso por Cuba e Nova Iork, e que saíran axiña do prelo a cargo da Editorial Galaxia de Vigo.

Dona Virxinia chegou a Bos Aires, na compañía do seu esposo, como esilados por mór da guerra civil hispanola, no ano 1940, e dende a desaparición de Castelao —7 de xaneiro do 1950— constituíuse no seu fidel custodio, non só das cousas que fan á vida fecunda e gloriosa do grande patriota, senón dos restos corporais que agardan no panteón do Centro Galego de Bos Aires, o día do regreso definitivo á Terra, á Patria Galega pola que tanto loitou e sofreu.

Agora, Dona Virxinia, xa non estará eiqui, antre nós, na Galiza Ideal, no agardo do intre sinalado... que está aló na Terra, esperándoo...

# A NOSA TERRA

ANO LII

Buenos Aires, XANEIRO 1970

Nº 513

## O CONSELLO DE GALIZA DIRIXIU UN MANIFESTO OS GALEGOS DO INTERIOR

Un importante manifesto finda de se espallar na Terra, preparado polo Cumio Central do Consello de Galiza. Nele analizanse os derradeiros acontecementos na Hespania e fíxanse os ouxetivos tendentes a concretar a máis estrita unidade de totalas forzas opositoras ó réxime franquista, coa teima de acelerar o proceso político hespañol.

O devandito documento está concebido nos seguintes termos:

O ano 1969 fina. Nele produciuse o anuncio da imprantación dunha nova manarquia na Hespania, sen vencello algún co pasado, e somentes como continuadora do oprobioso réxime franquista. Ninguén pode pois pensarse que eixistan posibilidades algunhas de que a vida política peninsular tome un xiro que augure o inicio do camiño que nos leve á democratización reclamada e permita que sexa a cidadanía a que por meio dos comicios eixira a quén deben rexer os destinos de Estado.

Este feito arbitrario e inconsulto, avalado polas Cortes domésticas do franquismo eixidas a dedo Pón en evidencia que quen pensaron que manter unha política de contemporización co réxime podiamos permitir participar no quefacer destinado a instaurar un goberno de transición coa elevación ó trono do Conde de Barcelona coma rei, foi unha liña fatalmente trabucada e que o ominoso clima hespañol sometes podes trocar por unha labouira decisiva de defensa dos principios polos que morreron centos de milhares de homes dende o ano 1936 ó 1939, sofrendo logo desterro e cadea e máis esgrevios militantes do campo da liberdade e a democracia. Vede senón o discurso de Franco perante as Cortes, coas alusións máis infamantes prós que neste intre crucial non comungan coe; as verbas ameazantes co vivo recordo dunha nova guerra civil se for necesaria pra impor a continuidade do seu réxime; o sumiso xuramento do Príncipe de Hespania ó aceptar a súa designación de reaffirmamento de lealdade ó Caudillo é de seguridade de continuar a obra do réxime creado sobor do sarxue e a dor de todos os opositores e manter o aferollamento da cidadanía que arela a vivir en condicións dacordo ca dignidade humana. Isto, naturalmente, haberá aberto os ollos dos que creron unha saída que non for a de percurar o derrocamento do goberno hespañol e o retorno da Hespania ós vieiros da liberdade e a democracia representativa.

Quedan pois asulagados coa solución creada, prevendo a morte de Franco os dereitos mínimos dos hespañóis a elexir e poderen ser elexidos, de xeito similar a como se fai nas nacións de todo o mundo. E se elo pode resultar duro pra quen, aínda sendo democratas afervoados, manteñen o principio dunha Hespania unitaria e centralista, pensemos, galegos, o que iso supón prós que pertecendo a

pobos de fonda estreitura diferenciada, Galiza, Cataluña i Euzcadi, ven que no troque a se producir de homes na administración do Estado non cambeará, nembargantes a consideración especial que as características deses mesmos pobos recraman pra superar situacións que soio cun coñecimento real de cada un deles poden atopárense.

Galiza seguirá o camiño dooso que ven facendo logo de limosa xornada do Plebiscito, obra xenial de Alexandro Bóveda, que debeu abrir unha etapa de boandanza e prosperidade. Galiza seguirá suportando o aldraxe de funcionarios chegados da estepa, cerrilmente fechados a todo canto supoñía atender as xustas demandas da nosa terra. Galiza seguirá postergando en tódolos ámetos, social, cultural, económico, lingüístico, administrativo, político e relixoso; e vendo como o seu outo aporte ás rendas i economía hespañola non ten compensación co que do Estado recibe prás suas necesidades. Queda ós galegos o seguir no pauperismo máis arrepiante, na industrialización máis precaria, na insuficiente renda "per cápita" e na precaria capacidade do ensino, ou tomar o vieiro ben coñecido, e xa clásico en nós, de emigrar pra noutros campos de atopar o benestar e a liberdade que nos son negados.

Quede ben en claro, e que ninguén se esqueza, de que nada se trocou na Hespania. Todo seguirá igual se non pombos a decisión necesaria pra impedir que todo siga o mesmo. Estamos frente a unha manobra que demostra o desexo do máximo de sobrevivir por riba de todos os que non están dispostos a suportalo e que son maioría na península. E un feito real que a designación de Kohan Carlos como reemprazante de Franco, supón un trunfo do "Opus Dei" contra da opinión das outras forzas que deica agora compartiron o goberno do Caudillo.

E mester que os galegos analicemos os acontecementos fronte ás novas alternativas coñecidas. Os que pensaron que mantendo relacións con supostos partidos que se creía poderían chegaren a gobernar, e, polo tanto, cos que se debería pactar a espera da xogos de apertura no goberno, daránse conta hoxe do seu equívoco.

O franquismo está ferido de morte. Os que c'udicaron á espera de certas libertades mínimas, saben xa que ningunha delas será posíbel e que sometes unha gran fidelidade ós nosos ideais será base pra acadar as condicións pra gran xuntanza de todos os capaz de influir nas solucións que Hespania necesita. A decisión de Franco, unipersonal, demostra até onde este despreza o sentimento e a vontade do povo.

Fai falla, polo tanto, que todos nos poñamos a traballar decote a vista do sucedido, por conquistar a axuda de quen están dispostos

a facer o seu aporte á tarefa común: derrocar o franquismo. Todos sen esceición. Os que veñen dende longo tempo aportando o seu esforzo; os que habendo coñecido o programa e plataforma do galeguismo non soergueron as gloriosas bandeiras que percuraron esquecer; as novas xeracións saben cal debe ser a súa postura neste intre crucial, e as forzas obreiras i estudantis galegas, teñen a obriga de deixar de lado todo canto supoñía un empedimento pra conxunción de vontades e porse fronte ós novos ouxetivos que a hora recrama, que son os mesmos que fai trinta anos movilizaron a cidadanía galega e que non perderon nen vixenza nen actualidade, pois ren se outivo dende entón.

O camiño non é outro que o dunha estrita e total fidelidade ós ideais republicáns, e os do noso povo, único xeito de darmos a Hespania as estreituras políticas que traían a paz e a liberdade pra todos.

Este mensaxe do voso Consello de Galiza, Goberno Autónomo Galego no Esilio, chegarávos no intre en que xa o ano 1970 entrou. Vai pois coe o desexo máis acceso de felicidade pra tódolos irmáns do interior e a seguridade de que, compenetrados das dificultades que vivides, facemos o que é o noso deber pra manter requetado o sentimento máis solidario convosco e permanentemente chamante o facto dos irrenunciabéis dereitos de Galiza diante do ominoso silencio que debedes soportar.

1970 será ano fecundo en feitos. 1969 supuxo o reencontro dos emigrados con vos nunha etapa de loita i esperanza. As xornadas vosas na dura batalla sonnos ben coñecidas. A intensa gravitación dun clero novo, e post-conciliar, a favor das clases homildes, o traballo dos obreiros nacionalistas galegos no interior das Comisións Obreiras; o espírito do estudantado en loitas a cotío; a permanente lealdade dos nosos intelectuais coa Patria; a xornada histórica do 25 de Xullo en Santiago e outros feitos máis, falan do fervor que vos alenta. Ben podemos asinalar que o ano derrareiro foi a pedra sillar do noso futuro. Sigamos o roteiro pra que o actual sexa o da concreción política tan anxeiada. A nova conciencia política é un feito que responde ás bases pragmáticas que nos deron os nosos mártires e os nosos devanceiros políticos.

¡Honore a eles!

Neste intre decisivo pra noso porvir, somentes cabe decir a tódolos homes e mulleres da Terra, fronte ás necesidades dela: ¡Que cada un percure cumprir co seu deber!

Cumio Central do CONSELLO DE GALIZA  
Goberno Autónomo de Galiza  
no esilio

Dende un lugar da Terra

**GALIZA E O MAIS FERMOZO, RICAZ E PROMETEDIRO  
RECUNCHO DO SOLAR IBERICO. VELAHÍ UNHA REALIDADE DA QUE AIDAN OS GALEGOS NON NOS SOUPEMOS DECATAR**



# REVOLDAINA

## BIAFRA FOI ASESINADA...!!

Este pequeno heroico povo, o país máis evolucionado da África Negra, foi asesinado alevosamente; deixou de existir... Está sepultado cos seus ideais e áreas de soberanía nacional.

O aseso do que foi Nixeria... mais os responsables directos deste espantoso baldío da Humanidade, foron as grandes potencias que se disputaban o petróleo, fornecendo de armas a ambos os bandos en loita perante o silencio cobarde das Nacións Unidas...

E gañou o bando —Inglaterra e a Unión Soviética— que puxo máis empeño en impor o neocolonialismo hoxe practicado polas grandes potencias.

\*\*\*

## A HISTORIA SE REPETE...

Lembremos o alevoso aseso da República Española perante a pasividade das grandes potencias.

Lembremos a Carta do Atlántico: "Cada povo terá o seu goberno de expresión popular e democrática... Non se tolerarán gobernos totalitarios..." (?)

En Nuremberg, onde as potencias triunfantes artellaron o grande espiolado acusador, no banquillo dos criminais de guerra non sentaron a Franco, aliado de Hitler e Mussolini, que participou militarmente cos xerarcas na invasión do territorio soviético coa tristemente célebre División Azul...

Ninguén o sinalou... Ninguén sinalou ó supervivente e cómplice do este nazi-fascista, nen tan xiquera a Unión Soviética... (?)

\*\*\*

## E XA QUE FALAMOS DE FRANCO, velai-vai unha bomba:

O Ministro de relacións Exteriores franquista, López Bravo, ó seu regreso de Manila a onde foi co gallo de representar ó Caudillo na toma de posesión do presidente filipino, desviou o camiño e endereitou pra Moscú onde manteu conversas de outro nivel con xerarcas do goberno soviético... (?)

Na España rumoréase que non pasará moito tempo en se estableceren relacións diplomáticas ante Moscú e a Villa do Oso e o Martiño...

Afirmase asmesmo, que moi axiña chegará a Madrid un outro xerarca soviético pra proseguiren as conversas encetadas por López Bravo en Moscú.

Tempos veredes...

Tempos veredes nos que os xerarcas soviéticos colidos das mans dos seus compinches franquistas, bailarán sobre da campa dos seus millóns de mortos españois...

\*\*\*

## QUE PASA CON CELSO EMILIO FERREIRO?

Evidentemente, a publicación do libro do grande poeta galego Celso Emilio Ferreiro "Viaxe ao País dos Enanos", parece que vai como un tiro nunha fochanca de auga podre...

De onde saíron as primeiras protestas en defensa dos "enanos" foi na revista galega "CHAN", que se edita en Madrid, e que, ó parecer, goza do favor oficial...

Tamén equi en Bos Aires, unha prestixiosa audición radial galega saiu en defensa dos "enanos"... (?) empregando argumentos máis peregrinos...

En rigor á verdade, armouse moita casca orredor deste libro onde o poeta diz en verso, en bon verso, o que moitas veces se dixo en prosa e de viva voz en público nesta Galiza Ideal que lle chamon Castela.

Pro é que Castela, naturalmente, non inclúa na súa Galiza portefa, ós "enanos" que certamente abundan por equi e cuido xeite e inspirador é hoxe o "Gran Enano" Ramon...

Na Galiza Ideal de Castela entraban —i entran— todos os organismos e homes que traballan arreo por dignificar o nome de Galiza, e por unha Patria Galega con destino nacional, rica, culta e progresista.

\*\*\*

## OPERACION REBAÑO...

Cando chegaron a Barcelona os integrantes da chamada "Operación España", coa que anto balbordo se armou nos meos españois franquistas de Bos Aires, o gobernador ordeou que foran as Casas Regionales a os recibir... O delegado de Traballo impuxo ós enfoces sindicais de todas as empresas a obriga de asistir en control de lista... Os policías francos de servizo deberon vestírense de civil e concurríren pra faceren bulto...

Daba mágoa ver aqueles velliños baixar do barco con número pendurado do pescozo como bestas mansas... Logo os pasearon polas ramblas e outros lugares da cidade seguidos dunha cabalgata que tiña moito de circense...

A prensa tomounos en coña... Mais non faltou algún xornal que cramou a de vergonza e o escarnio de os utilizaren ós probes vellos, como propaganda do réxime, máisime cando a mór parte de es deixaron España por propia desidia dos gobernantes.

O "Diario de Barcelona" publicou un dibuxo humorístico impredicante: aparecía un autocar cunha gran pancarta que decía: "Operación España", e dous velliños que ó descer apenas podían terñese de pé. Diante deles, unha chouza miserábel: catro tellas, un arboriño miserento e unhas terras ermas e sen xente.

Os vellos preguntaban polos seus fillos e, outra velliña mesmo que eles, decía:les:

Non están. Fóronse a Alemaña... (Sen comentarios...)

Lucrecio Fraga

# CARTA A UN AMIGO GALEGO DENDE CATALUNYA

Amigo Rosende: Na niña derradeira faleche do Castelaio artista. Decíache que a polifacética obra do mestre é unha leira fartureira. Contabache que a nosa xeneración desconce as súas doutrinas, coutadas por unha manchea de atrancos e temaba abrirche un portelo, unha cativa regandixa, pra que souperas un chisco do esgrevio apóstolo. Oxe falecheche do político e do home de acción, guero dun pobo a espallar dende o seu posto de dirigente un ideario acorde cos seiscentos da Terra que il percorreu en pelerinaxe contino enrestrando adutos ca súa entrega total, a súa entereza e a súa vocación de servizo nastra chegar ó triunfo galeguista do 28 de San Xoán do 1936 co Estatuto Galego.

Devante farei historia:

Pasados catrocentos anos de silencio, deu comenzo, cos Precurosos, o agromar galego no segundo tercio do século XIX, vencellado ós nomes do romántico Antón Faraldo cunha proposta de independencia galega foi desbotada por solo un voto na Asambléa de Lugo en 1843, do erudito estoreador Murguía, esposo de Rosalia, santa miragreira do renacer literario galego e do teórico Brañas, autor de "El Regionalismo". Logo xurdiron Solidariedade Galega, cas asambléas agrarias de Monforte de Lemos, e Acción Galega, xunguida ó nome do gran orador rexionalista Basilio Alvarez, pra desembocar nas Irmandades da Fala, xa de senso nazionalista, creadas por Villar Ponte, que acadan concencia plena de organización e doutrina na asambléa de Lugo de 1918 ca creación do Partido Galeguista do cal Alfonso R. Castelao foi mensaxeiro incansable e propagandista meritísimo, popu'ar xa polas páxinas de "El Barbero Municipal" e os dibuxos anticaciquiles e anti-centralistas.

Nos eidos galeguistas, amigo Rosende, foi onde mais se axilgántou a personalidade de Castela. Irradiaba atracción tal, que dende os intelectuais até os mariñeiros e os paisanos, sumou votos que o convertían en Diputado por Pontevedra das Constituintes, formando con Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Villar Ponte, perante os tres anos do Goberno Azaña, unha representación incansable de loitadores pola autonomía galega, reemadada na asambléa de Municipios en Sant-Iago no mes de Nadal do 1932 por gran maoría.

No 1934, vencedoras as dereitas, co Goberno de Gil Robles, Castela —igual que Alexandro Bóveda técnico e coordinador d. Partido que foi desterrado a Cádiz— viviu perante un ano en Badajoz. En febreiro do 1936, triunfantes de novo as esquerdas e outravolta alzado, c' ta vez, con Suárez Picallo e Villar Ponte, sigue no seu afán polo Estatuto Galego alentado por Portela Valladares, Montero Ríos, Villaverde e outros colegas, deica acadar con resono éxito a súa aprobación no plebiscito do 29-6-36, sendo ent' co ó Goberno, pró rubro oficial, o 17 de Sant-Iago do 1936, víspera da guerra e aprobándose o ano seguinte polas Cortes da República reunidas en Montserrat.

Perante a guerra, Castela traballou ás ordes do Ministro de Propaganda en Madrid, Barcelona e Valencia dando ó prelo tres libros de dibuxos que foron compa-

rados con "Los desastres de la guerra" de Goya. Viaxou ós E.E. U.U., Francia e Moscú, onde espuxo con éxito os seus deseños.

Ó findar a loita fratricida, emigrou a Buenos Aires onde se creou o Consello de Galiza (1944) cas firmas dos deputados Alonso Ríos, Suárez Picallo, Villaverde e o propio Castela, que foi nomeado presidente.

Tamén o mesmo ano publicou "Sempre en Galiza", chamado a biblia galega. Non che falerei do Castelaio autor teatral, do Castelaio de "As Cruces de pedra na Galiza" nen do Castelaio agasallado en centos de ocasiois. Até agora deiche datos superficiais e alanquei forte, querido Rosende, porque quero situarte só no político e na solución federal que abiscaba, xa dende as Irmandades da Fala, dende o Partido Galeguista e a Organización Republicana Galega Autónoma en diferentes asambleas nas que il tornou sempre en primeira liña. Non esquezas que o manifesto de ORGA no 1930 decía: "Para nosotros fue y es razón de existencia la instauración en España de la República Federal. No queremos más pero tampoco queremos menos".

Non coides pola escolma que fago de "Sempre en Galiza" que nil trata somentes da federación. E un libro estenso de perto de 500 páxinas no que xunto ós discursos literarios mais fermosos, trata de economía, do socialismo, dos cregos, do ensino, das formas de goberno autónomo, da industria e de todo canto representa un pobo que aneia unha angueira, un posto, un respecto e a libértá no quefaer diario pra un futuro de irmandade internacional.

Espreita as súas verbas:

Fala do Estado plurinacional e acusa ás dinastías estranxeiras dos Austrias e dos Borbós de cesarismo unitario e centralista, de afogar a libre respiración dos povos, tradicionalmente autónomos. Pra il "monárquico" quer decir imperialismo "uniformismo" "centralismo" "República" quer decir "descentralización" "autonomías" "liberdade". España e un país multiforme. Non é separatista como il apunaban os seus nemigos: Nos concebimos a España como un só Estado, constituido polo libre consentimento de catro povos: Castela, Cataluña Euzkadi e Galiza. E asegunda: A España será tarde ou cedo, queirase ou non se queira, unha República Federal. Castela considera degradante a división do mundo en bloques. En troques o Federalismo é un recurso nobre e comenche. E, dice mais adiante, que na vella Europa os povos son seres nacionais con lingua e cultura autónomas que poden permitirse o luxo de seren xenerosos politicamente. Volve a falar das ventaxas do federalismo se non se quer fomentar o separatismo pra engadir que débese recoñecer a variedade que distingue a España, orgaizándose según os principios do bó federalismo. Castela vé na República Federal unha longa serie de ventaxas: A organización do Estado afincaíase en realidades vivas. Armonía entre a periferia e o centro. Equilibrio entre os pobos diferentes, sobretudo na economía. A lei non sería privilexio dos fortes e astutos. Os problemas agrarios resolveríanse atendendo particularidades rexionales. Evitaríanse leis inxustas centrais ante problemas contrapostos da economía española. Os povos perguiceiros, recobrarían azos co exercicio da autonomía. Os desenvollos das culturas nacionais enriquecerían o acervo espiritual de España. Eliminaríanse o centralismo que causou a desintegración da Península e daríase o primeiro paso cara unha Confederación Ibérica, feito que se acadaría, engade afezado, abolindo o sistema unitario e recoñecendo o dereito á autodeterminación das nacionalidades, especialmente de Galiza. E sigue: Os galeguistas arelábamos que Portugal se confererese con España pra restablecer a antiga comunidade. Dentro de Portugal perdemos a metade de nosa terra, do noso es-

prito, da nosa lingua, da nosa cultura, de nosa vida, do noso ser nacional e nunca recibiremos de grado o dereito dos portugueses a pedirnos un pasaporte cando atravesemos ó Miño nin de España a impedir que os portugueses entren libremente en Galiza. E para eso é necesario que se resolva previamente o magno problema da Península.

Fariame pesado de seguir esponendo argumentacións dos anxeos federaes de Alfonso R. Castelao; e quérote preparar por se das con algún que coide as ideas do autor da "Biblia Galega" —asi batearon moitos intelectuais a obra "Sempre en Galiza"— dun ensador localista de folgos cativos, a voar nos baixos outeiros da nosa Terra.

No interviu feito por Bagama, no mes de San Xoán do 1936 ó Castelaio, reproducido no número sete da millor revista galega que coñecim "Galicia Emigrante", creada, orixida e financiada polo infatigable Luis Seoane, pergúntalle ó contento con el Estatuto que se gran dibuxante catalán: "Estares está elaborando para tu terra? O cal contesta o guero galego con azas e folgos de águia nas outuras: Yo no tengo la culpa de que Galicia posea características de una nacionalidad. Somos internacionales por convencimiento y universales por naturaleza.

Queda pois ben patente que as miras do gran político son de largacións horizontes como o foron as de outros grandes mestres do galeguismo. Así Xohan Vicente Viqueira di no libro escolmado por Luis Veiga do Campo e publicado pola colexividade galega de Buenos Aires: Queremos convertir a Galicia dun arrabal nun centro, facer que teña vida propia, grande inmensa; que chegue a ser unha humareda espiritual ecesa almande o mundo enteiro. E tamén Vicente Risco na Teoría do Nacionalismo Galego publicado en 1920 e reeditado pola mesma colexividade: Galicia ten o deber de continuar a civilización universal. E nout: pasaxe: O dito: O centralismo xa non ten creto na concencia moderna. A cuestión das nacionalidades, a cuestión da des-centralización están chamadas a se completar nunha síntese mediante a constitución dos Estados Federales.

Lemos tamén no primeiro número da revista "GALEUZCA" —agosto 1945— que se enchea co discurso de Castelaio pronunciado en Montevideo co gallo do 9º Aniversario do Plebiscito Galego: Nos ós reconecemos —como no!— a existencia de España como una realidade geográfica, que abarca toda esta unidad geográfica debe plasarse na Península y entendemos que marse politicamente en forma de Estado federal o confederal.

Rosende: Un día coma oxe, fai vinte anos, o cadaleito de Castelaio xacia, agarimado ca bandeira galega brosiada en prata e ouro, agasallo da xenerosa colexividade galega de Buenos Aires cando o Presidente do Consello de Galiza fora nomeado ministro da República no exilio. A seu carón a fidei: compañeira Dona Virxinia e os irmaos Rodolfo Prada, Manuel Puente, Alonso Ríos, Xosé Villamarín, e Doutor Gumersindo Sánchez e milleiros de amigos, admiradores e discípulos choraban a perda do mestre.

"A NOSA TERRA" adicou un número extraordinario á súa lembranza. Publicou telegramas de pésame chegados dos mais lonxanos recantos do mundo e as millors primas adicaron á Castelaio, en coidadas páxinas, o verbo mais alcendado. Nelas, Cabanillas, remata o seu dorido poema con estas verbas: Morrú de amor á terra! Ramón Piñeiro di nos que era unha Persoalidade esgrevia, dices que xurden esceñionalmente pra irradiar luz espiritual na vida escura dos povos. Sufríu como un mártir por todos os que padecían a inxusticia, engade Otero Pedrayo e F. del Riego afirma: Adicouse á redención e á loita. Firmas e mais firmas de gratitude choran a perda daquél home universal que tanto sabía de dóres, aspiracións e mágoas do seu pobo ó ca temaba rexenear.

M. R. L.

**A GALIZA DE ONTE, DE HOXE E DE SEMPRE E UN MAL DISIMULADO TERRITORIO COLONIAL. POR DINIDADE, POR PATRIOTISMO TEMOS A OBRIGA DE TROCALA NUN PAIS CEIBE Y SOBERAN**



# A GALIZA EMIGRADA LEMBROU A CASTELAO NO XX CABODANO DO SEU PASAMENTO

## O Pensamento Vivo de Castelalao

Como xa é tradición, a Galiza Emigrada honra o grande galego Castelao en cada cabodano do seu pasamento, e os diversos actos realizados con ese gallo foron de grande emoción patriótica.

O Centro Galego de Bos Ires, realizou o día 10 de Xaneiro ás 11 horas un emotivo acto no Panteón Social da Chacarita onde acougan os restos de Castelao, asistindo o mesmo unha numerosa concurrencia, estando presente a Xunta Directiva en pleo e representantes das diversas entidades galegas.

Unha gran ofrenda floral coas cores galegas estaba flanqueada por unha garda de honor do corpo de enfermeiras da entidade.

En nome do Centro Galego, falou o Secretario de Cultura señor Valentín Fernández quen pronunciou a seguinte oración:

"Irmán Daniel: Fai apenas un ano que nós estivemos aquí a renderche un homaxe igual ó que hoxe rendemos. Eran intres difíciles pois o triunfo outido en comicios memorábeis estaba desvirtuado pola presenza no Centro Galego dos inimigos do pensamento castelaoiano ategado de senso de liberdade e espírito democrático. Eu aínda recordo as valentes verbas de quen falou a nome da entidade e vexo emocionada ante os presentes a dona Virxinia, muller do noso gran líder morto.

"Hoxe ela non está aquí físicamente. Xa pertence ó recordo das figuras que morán perante os mortos ilustres e velan a louga vixilia dos galegos deica conquistar a liberdade.

"Xa o matrimonio que na vida botou e pereceu os velloiros das conquistas precisas pra Galiza, está novamente xunto. Eu fago presente esta perda polo que Virxinia Castelao supuxo pra nos de presenza viva dun anaco de quen foi seu ilustre espóso.

"Emporiso este homaxe de hoxe ten características singulares. E bó será que ti, Castelao, espírito inxel espírito da nosa estirpe o seipas, porque o xurra promesante que fixemos diante o teu sartego fai un ano, de restituímos á entidade o seu camiño de galeguidade, foi cumprido. E non no está por comenza, senón polo sentimento xa que nós non debemos endexamais evit ar o compromiso que temos coa Terra e que foi un dos chamados máis vigorosos do teu apostolado terreal.

"Nos voltamos o Centro a súa labouira de erguemento da cultura, da solidariedade e do traballo cara a Galiza. E sen vaidade pode esta Xunta Directiva de vir que nunca, por moito que fixeron, e ben o sabemos, labouiraron outras denanteriores con ese sentimento pra que o espírito de galeguidade non desartagara do corazón dos emigrados levando adiante traballos que conforman unha base cobrosa de se por a carón das realidades que a Patria percisa de nós.

"E isto fálse porque o galeguismo é algo que non pode ser cousa de paróias senón de feitos; ten que ser acción e presenza e non pasividade e fuxida; o galeguismo debe ser un manantío permanente de obras que axuden a manter requentado o fogar común de todos.

"O feito máis notorio é que se os que tivemos a dita de sermos nados na Terra Nai facemos isto con amor e fé, vémonos acompañados por quenes, sendo da nosa linaxe, solo cobecen a Galiza ó traveso do sentimento que neles souperon despertar os emigrados que forron seus pais ou seus abós, mesmo como se unha forza, a presión patriótica que as patrias asoballadas teñen, os levara a engadirse á fila crecente dos que queremos ver os eidos natales libres.

"Podemos asegurarche, Castelao, que ese traballo non decairá namentras esta Xunta que xurde do celme de Agrupacións patrióticas e democráticas puras e nobres, rexo os destinos do Centro Galego. Haberá sentimento e respecto por Galiza, e forzas por dificala, agarimo por compren-

dela e firmedume pra non tronxir cos seus inimigos. Porque esas foron as leicións que ti nos impartiches no teu apostolado, que ben lembramos, e tamén esa pra revirar o panorama da cidade a leición da tua vida sofrinte d'ania galega, magoada e triste até a tua aparición política, e logo orgullosa de sua orixe, renovada nos seus anxeos e segura de que a tempo daría solucións ó que xa parecía fechado a toda esperanza.

"Esa leición de fé ergueu o teu nome no corazón de todo os galegos como un himno de hosannas e alaluis. Logo de ti sabiamos cales eran os debers de cada un de nós na tarefa común de refacer o fogar desfeito, loitar pola patria asoballada e inmersa. Chamarte Pai da Patria que espera o día luminoso da sua redención, é obriga galega.

"Tés nos memos tidos que Masaryk prós bohemios-maravios; Pilsudki prós polacos e De Valera prós nosos irmáns irlandeses. Non en van os vinte anos do teu pesamento o teu nome é venerado co respecto de que son merescentes os benemeritos e visionarios. Co solo dechir que o sustantivo propio máis mencionado quel que nos defende, adarga coa hoxe en Galiza é Castelao, está dito todo. Ese sustantivo é broque atacamos, contráeseña que nos identifica e abre o corazón de todos os irmáns dispostos á batalla. E cando no intre máis duro a pelexar pola Terra nos veña o desfalecemento, ó teu nome será espóra que nos lava velorum máis durós e valentes ó campo do honor patriótico.

"Temos que matinar fronte os feitos que se veñen sucedendo que o teu sorriso de galego sementador de ideais alumeará a tua faciana ó velos froitos da colleita da tua sementeira a lingua en cumio non outido; nunca; a clerecia galega, pouco a pouco, xunto ó provo sofrinte; os nosos intelectuais e profesionais en número como nunca tivemos; fideis á patria; os traballadores en función nacionalista nas Comisiones Obreras; os nosos líderes seguindo multa e cadea por sosteren os dereitos da Terra; a emigración mentendo as bandeiras irrenunciábeis da liberdade galega; a conciencia política dos nomes do interior, intransigente tras da defensa do ensino do idioma nas escolas, do dereito de falar, escribir e orgaizarse.

"Dinos, Castelao: Son bós os froitos da tua sementeira e son bós os xornaleiros os que por ti colleitan na herdeade natal? Son hoxe máis os que traballan por Galiza que cando foi o teu pasamento? E hoxe máis perta a hora da lus, da espranza e da vida? Nós decimos que si a todo ese enquiso pois endexamais a vontade ferreña dos galegos quixo con tanto anxeo ser libre. Libres do temor, da opresión, da iforanza e da fame, pra en comunidade cos nosos irmáns dos outros povos da Hespaña facer o Estado que nos dea o dereito a rexer a Galiza con galegos, en galego e prós galegos. E dechir: co provo, do povo e pra o povo.

"Quedan xornadas novas por vir no camiño anxeante que temos a percorrer. Iremos re-erguendo deica o fin porque sabemos que o longo velloiro galego ten xa catro longos seculos e a súa feitura foi obra de moitas xeracións. Non seremos nós os que nos arredemos de continuo pra lo poder entregar a quenes deberán seguir fecedoo até que Galiza, e ti, esteades satisfeitos ganos seus soños.

"Esa é a nosa promesa diante de ti, irmán Daniel."

### NO CENTRO PONTEVEDRES

O mesmo día 10 de xaneiro ás 12 horas, perante a sus estatua ubicada á entrada do Pao Galego do Centro Pontevedrés realizouse un acto a Castelao co gallo do XX cabodano do su pasamento.

Previa a colocación das ofrendas florais falou o presidente da Comisión de Cultura do Centro Pontevedrés, señor Cándido Rey,

Xa temos dito que Galiza é unha nación, anque non dispoña de independencia política; pero agora volvemos a dechir de xeito máis evidente. Galiza ten unha lingua propia, criada no berce d'outra anterior —probablemente céltica—, que é filla do latín, irmán maior do castelán e nai do mal chamado portugués, en cuxa lingua se produxo un dos momentos líricos máis admirábeis de Europa. E se a lingua non fose un distintivo nacional, porque non respecta fronteiras e vemos que unha mesma lingua pode servir de linguaxe común a diversas nacións, xusto será recoñecer que, polo menos, o idioma galego —hoxe falado en varias partes do mundo— é natural de Galiza, porque ali nasceu, ali se criou e ali se fixou literariamente.

Galicia ten un territorio propio, delimitado por fronteiras naturais, de formas doces i entradas duras, que foi unha illa de pedra nos tempos xeolóxicos e que hoxe semella unha inmensa esmeralda engarzada no extremo da cordilleira cantábrica; cabo do mundo antigo e peirán avanzado cara o novo. E anque a nación non fose máis que unha alma, como dixo Renán, capaz de expandirse por riba das montañas, dos ríos e dos mares, conservando a súa unidade en diversos climas e rexións, xusto será recoñecer que a Terra galega é única e diferente do resto de Hespaña. "O lugar onde se amasou a nosa carne e se modelou o noso espírito", como ben dixo Nôvoa Santos.

Galiza ten unha morfología social i económica propias de tan rara orixinalidade que non hai ecoación posible ante os seus problemas vitais e a lexislación única do Estado hespañol, polo que ali se siguen practicando as velas costumes xurídicas, a furto da lei irradiada dende Madrid con carácter obligatorio. E se Galiza, en longas centurias de traballo, chegou a formar un cadro completo da súa vida privada e social, que non encaixa na organización uniformista de Hespaña, xusto será recoñecer a necesidade dunha política estatal galega.

Galicia ten unha cultura propia, en todo diferente da dos demais grupos hispanos, que se revela nas artes plásticas, na sabiduría popular, na música e instrumentos, nas danzas e cantigas, nos estilos da arquitectura civil e relixiosa, no lirismo da poesía oral i escrita, no ritmo das expresións literarias e musicas, na filosofía dos refrans, no sentido saudoso do amor e no sentido trascendente da vida e da morte. E se a cultura galega xurde de fondos primitivos insobornábeis, como a de Bretaña na Franza e a de Escocia en Inglaterra, ben se advirte na alma de Galiza un refinamento europeo, que se denota en rasgos de tolerancia, de crítica, de humor, de trasacordio e de cautela, calidades que non sobresaen nos povos de fala castelán.

Galiza ten un carácter étnico propio, que provén dos povoadores célticos, que constituiron o seu primeiro orgaismo habitual e territorial, podendo afirmarse que

quén esaltou a persoalidade e a obra de Castelao a quen calificou como "guía da colectividade galega", e destacou o sonificado chegada ó país de Castelao.

Ante o numeroso público asistente o acto, achábanse representantes das entidades galegas.

### NA PRAZA CASTELAO

Na mañán do domingo 18 de xaneiro derradeiro, na praza Castelao desta capital, unha comisión integrada polo Consello de Galiza da froral ó pé do monólito que e Irmandade Galega, nun sinxelo i emotivo acto, pousou unha ofrenda a Castelao, ali existente, en lembranza e homaxe no XX cabodano da sua morte.

todos cantos ali chegaron despois, procedían do mesmo tronco e repetían o mesmo sangue. E se a raza fose, n-efecto, a determinante do carácter homoxéneo d'un povo, sen que por así creelo incurrisimos en pecado, ben podía Galiza enfrentar a súa enxebreza co mestizaxe do resto de Hespaña, atribuíndolle ao sangue árabe a indispraña, a intolerancia e a intransixencia con que os hespañoles se adornan.

Galiza, pois, conta con todol-os atributos históricos-naturales que caracterizan as verdadeiras nacio-

nalidades; pero fáltaile algo moi importante para ser prefeita: fáltaile a independencia política, o goberno propio, que toda sociedade humana necesita.

"¿Qué Galiza non é unha nación por non ser un Estado independente e soberán? Se tal defeito nos fose imputado por hespañoles, nós sentiriamos incitados ao separatismo, pero en verdade solo aspiramos a unha autonomía integral, dentro da libre federación de todol-os provos peninsulares. Galiza non necesita máis, pero non pode conformarse con menos, súa "terra" é Galiza, pero non todos identifican a terra coa nación, obxeto de patria. Hainos que aínda siguen tomando en serio aqueles cromos baratos da escola oficial onde a imaxe alegórica de Hespaña se lles metía pul-os ollos en forma de domadora de leóns...

Para estes galegos a patria é o Estado hespañol, a quen serviron como soldados ou de quen fuxiron por vérense libres de servila. En fin; para os emigrantes galegos a terra natal é o único que lles causa a morriña, delatando que no amor a Galiza axúntase a idea nacional co sentimento patriótico; pero algúns solo se atreven a dechir que Galiza é a súa "pequena patria", como si ela non fose o que máis queren no mundo. Compre, pois, que todol-os galegos seipamos ben o que é unha nación, porque así sabermos que a nosa patria é Galiza, aínda que o noso Estado siga sendo Hespaña.

Se a cultura é o mellor froito da nación, será preciso recoñecer que non hai vida nacional única onde existan diversas culturas. Compre engadir que si un Estado en varios séculos de política asimilista, non foi capaz de disolver as diferencias culturais e lingüísticas do seu territorio, non ten dereito a ser considerado como unha nacionalidade. Tal o caso de Hespaña, onde sobreviven catro culturas perfeita-mente definidas: a castelán, a galega, a catalana e a vasca. D'estas catro, somentes a de Castela está servida e protexida polo Estado, en detrimento das outras tres, que viven miragrosamente, en opobios cautiverio. Hal, polo tanto, en Hespaña, tres almas opreas e aferroladas: a de Galiza, a de Cataluña e a de Euzkadi. Renán xustifica, en parte, o asimilismo sobre dos grupos raciaes e lingüísticos que integran o Estado, en canto sexa consentido polo vontade dos seus habitantes. Tamén nós xustificáramos a coacción e violencia do Estado hespañol nos primeiros tempos, se a súa obra consistise en moer as diferencias rexionales para formar con todas elas unha nacionalidade común; pero cando se trata de adoptar o espírito dunha sola parte, para impoerllo ás

outras, e vemos que, ao cabo dos séculos, aínda perduran tres almas nacionaes distintas da oficial, non hai razón que xustifique a continuación do imperialismo de Castela, servido por un Poder que se chama Hespañol. Cando un Estado abrangue unha realidade heteroxénea ten a obriga de recoñecer e protexer, por igual, a total-as partes nacionaes que o compoñen, para suprimir os motivos de conflito, en ben da súa existencia e unidade. A hestoria sofrida ou gozada en común, creou a Franza e a Hespaña dos nosos días; pero a hestoria hespañola é unha serie non interrompida de frustracións ficando en evidencia o fracaso da súa política centralista, que conduxo a separación de Portugal i evitou que o Estado chegase a ser plenamente representativo e moralmente lexítimo. A vontade dos individuos de cada grupo debe ser respetada, cando por un plebiscito de todol-os días mantén e sostén a independencia do seu xenio, reflexada en cultura, lígoa i espírito propios. Podería o Estado hespañol opoñerse aos separatismos políticos; pero baixo a condición de recoñecer a sobrevivencia dos seus varios grupos lingüísticos e culturais, como así o facían os Estados civilizados antes da Revolución.

Retornemos agora aos tidos propios do noso problema, e lembremos que o Partido Galeguista decerou ao nacer, como principio invariable, a universalidade da patria galega, abogando polo federalismo internacional, o anti-imperialismo e o pacifismo. Velahí unha coincidencia feliz entre o movemento autonomista galego e o pensamento socialista internacional. Craro está que o galeguismo non é cousa exclusiva de ningún partido, seón patrimonio común de todas-as forzas da democracia galega, menos d'aquelas que non saben ou non queren recoñecer o feito diferencial de Galiza e negan, por ende, o seu problema de liberdade. De todos xeitos resulta inconcebible que haxa galegos dispostos a impediren o melramento moral e material de Galiza en nome da fraternidade universal; pero no noso país aínda quedan algúns internacionalistas que atenden ás comenencias económicas, de estómago, desenten-

déndose dos problemas de diñidade nacional, como si a nosa Terra carecera de alma, e dechir, de idioma, cultura e conciencia. A este propósito será ben registrar aquí unha anécdota que pon de bulto a insconscencia do internacionalismo mal dirixido: Chegamos unha vez ás minas do West Virginia, nos Estados Unidos, onde traballaban moitos galegos. Un d-estes avisounos que non consentiría que ali propagasemos o "galeguismo", porque para el non había máis patria que o mundo; pero fixémolo chorar ao lembrarlle a fermosura das nosas paisaxes, a beleza dos nosos momentos, a ledicia das nosas festas, a dozura das nosas cantigas, a sabiduría dos nosos refrans, a quentura dos nosos fogares, a bondade das nosas m-ñeres, a xusticia das nosas reivindicacións, a humanidade do noso espírito... E aquel internacionalista acabou por confesarnos que Galiza era o mellor país do mundo.



# TEORIA DA GRAN CIDADE GALEGA

Por Moisés da Presa

De cote estase a teorizar encol da característica de espallamento da poboación do país galego en pequenas agrupacións campesinas que, ó parecer responden compridamente a unha modalidade racial celta e, confirmada abofé, na realidade estadística.

Vexamos: sobór dunha provocación, aroisimada de 2.700.000 habitantes moran nas principais cidades —A Coruña, O Ferrol, Pontevedra, Compostela, Ourense, Lugo e Vigo— arredor de 900.000 habitantes.

Como se pode observar diante destes cifras, Galicia é un país eminentemente agropecuario e pesqueiro, cunha industria pouco desenvolvida, agás a do peixe e a naval.

En canto á agricultura e a gandería —a riqueza potencial do país— móvese con métodos arcaicos, antieconómicos, no marco dun minifundio suicida onde malviven e condicións impoñibles dous millóns de campesinos.

Pomos de nota, que nesta discriminación da poboación campesina e urbana, prescindimos das vilas e pequenas cidades por entendermos que elas son centros agrícolas, que de agro viven e, como tal, son a súa natural consecuencia. —conste que se este prantexo o sometemos ó máisimo rigor, observaremos de contado, que salvo A Coruña, Vigo e O Ferrol, as restantes teñen o saíbo e o perfil económico característico dos centros agrícolas pola súa caseque total dependencia do agro.

Até eiquí o dito encol do cuño celta de espallamento da súa poboación en miudas e illadas aldeas por toda a verde xeografía do país. Porén, non esquezamos que a civilización moderna coas súas características económico-sociais de produción e consumo, artella grandes concentracións urbanas alimentadas por unha gran industria e un activo comercio e, como consecuencia natural deste desenvolto urbano, impónse unha axeitada concentración parcelaria do agro pra desenvolver unha intensa produción agrícola e gandeira empregando modernos métodos de cultivos e de milloramento do gando, creando asimismo, industrias agropecuarias pra abastecer os grandes centros urbanos e abren camiños pra exportación.

De todo isto despréndese que, necesariamente, o país galego ó se industrializar —e vai camiño de— a man de obra que terá de alimentarse a industria e o comercio dos grandes centros de produción saíre do agro onde o escedente de campesiñado en vez de emigrar ós outras cidades da Hespaña ou d'Europa, procurará o seu destino nos grandes centros do país.

Conveñiamos en que pra millorar a nosa saúde nacional é mester ceibarmos ós tópicos que coutran o noso espírito creador.

Xa Anxo Faraldo, o precursor de tantas inquedanzas galegas, prantexaba o problema da gran urbe como unha necesidade económico-social e a súa saudábel gravitación no ordeamento e orientación política do país.

Duas cidades, A Coruña e Vigo, co seu aspecto de grandes urbes, eísentas dese ar pequeño e mimético que caracteriza ás cidades de provincia, apontan o futuro de plenitude.

I este ar de gran cidade ousérvase con maior fachenda na Coruña, cecís por tere esta máis soleira, máis corido local, que non en van ven sendo a capital do país galego e, de moi antigo cidade importante e adro resoante da historia de Galicia.

Vigo, pola contra, é unha cidade de hoxe, un feito novo e alentador na vida galega moderna cobizosa de horizontes máis amplos que possibiliten solucións creadoras a carón do país.

Esta activa i enérxica cidade en permanenza de crecemento, que xurde á vida galega como un rotundo feito económico e social áchase no seu pulo encetal de proxección cara a grande metrópolis galega e, nun futuro moi próximo a súa gravitación fará —xa hoxe se fai sentir— que xogue un importantísimo papel no rexurdir económico-social, cultural e político da nosa terra.

Decididamente, a ausencia dunha grande cidade no senso máis significativo da verba, pon en evidencia o retraso de Galicia a carón dos países europeos e, na mesma península, respecto de Cataluña i Euzkadi.

Pro é que Galicia, non pasou polo proceso industrial capitalista que arrinca de fins do século XVIII e que había de transformar radicalmente a economía moderna. Acurrunchada... illada do resto

do mundo no lonxano noroeste peninsular, de cara on mar inéidito; esmorecidas as correntes de pelergrins a Compostela que puña o noso país en contacto con Europa; perdida a súa autonomía política a mans do imperialismo castelán e, reducida a unha homilde economía agrícola e mariñeira; sen ideais nen crases dirixentes capaces de apularen a máis nimia esperanza de ousentación, afúndese nunha longa noite de séculos da cal tardaría en se soerguer.

As súas cidades, pequenas agrupacións urbanas salferidas dún ruín mimetismo al ceiro, vivindo do agro, a única realidade económica vital do país, inórrao... Inórrao e deprézo, punta atal, que resulta dún dramático verismo o pé dun dibuxo de Castelao onde afirma mordazmente que "o único que os vilegos saben do agro, é que dalí vénlles o leite e as patacas..."

E así que nestas precarias condicións económicas, non calou a gran cidade galega, o gran centro produtor e consumidor; o gran centro xornalista de ousentación e defensa dos intereses do país e, como consecuencia inmediata destes factores, unha responsabilidade e condicións axeitadas a carón dun ordeamento social e político.

Atal a función da gran cidade. Reparemos nos pequenos prósperos países europeos tendo por cabeceira reitora grandes cidades: Copenhague, Os'o, Amsterdam, Bruselas, Praga, Dublin... e na península, Barcelona e Bilbao.

A ausencia dún gran centro produtor e consumidor no país galego, fai que a nosa economía —pei-

xe, agricultura, gando, madeiras... dependa eiscrusivamente dos mercados de Madrid e Barcelona. Elas impoñen condicións... Por outra banda, como carecemos dunha industria somos subsidiarios dos alleos. Todo o temos que pagar a prezo d'ouro... e a nosa xuventude deixa a terra na percura doutros horizontes máis promisorios.

Fixémonos en Cataluña. Namentras que as súas capitales de provincia son pequenos centros urbanos, conta cunha Barcelona, e grande e puxante cidade industrial e comercial matriz da grandeza de Cataluña e "lei motiv" do orgullo catalán.

11-2-70 A Nosa Terra Guillermo Iº A súa capacidade industrial e comercial absorbe o escedente da poboación do agro, contando así a emigración a outros países e, a carón das múltiples posibilidades que ofetez toda grande cidade, artellouse unha gran prensa, e xurdiu unha literatura, un teatro e unha arte catalanas e, como consecuencia deste desenvolto nacional, apareceu un xurrido pensamento político catalán en contraposición á hexemonía de Castela...

Endebén, se botamos unha ollada retrospectiva ó escaerio da nosa terra nestes derredellos cincuenta anos, ollaremos que moito se leva avanzado... E que temos "e vencer o fondo imeso que nos arreda do progreso, e superar, en consecuencia, etapas non realizadas... E xurdirá, estamos certos, a gran cidade galega, non como un feito illado que ela será a consecuencia natural dún desenvolto económico e social que levará ó País Galego a tan decorada plenitude.

## MENDEZ FERRIN FOI XULGADO POLO TRIBUNAL DE ORDE PUBLICO

O réxime feixista hespañol segue na súa teima de perseguir asaliadamente a todos aqueles que loitan afuzadamente pola liberdade e a democracia.

Xosé Mendez Ferrin, baril patriota galego, fidel representante da "xuventude de estrelas" que loita por unha Galeiza ceibe e democrática, foi condenado ominiosamente a cadea polo Tribunal de Orde Público.

Xunto coe foren tamén xulgados a señorita Natalia Gómez Gonzalez e Carlos Otero Prado.

Dacordo as conclusións do representante do ministerio público, a señorita Gómez Gonzalez e o señor Otero Prado levaron a cabo durante 1967 e 1968 actividades encamiñadas á organización comunista marxista-leninista en Vigo. En consecuencia o fiscal estimaba que estes feitos eran constitutivos dún delito de asociación ilícita e solicitaba en principio penas de cinco meses de arresto pra cada inculpado. Nembargantes modificou as súas conclusións e retirou a acusación que pasaba sobór da señorita Gomez Gonzalez que, deste xeito, será absolta. En canto á Carlos Otero, rebai-xulle a pena de arresto a tres meses.

Con relación ó señor Mendez Ferrin, o fiscal acusou de habérense atopado no seu domicilio de Vigo, no transcurso dún rexistro practicado ó decretárese o estado de excepción, tres exemplares mecanografiados dunha obra escrita polo inculpado, glosando a activi-

dade dos guerrilleiros galegos, cunha dedicatoria, en Beilasaur, en 1964.

O ministerio público estima que estes feitos constituin un delito de propaganda ilegal e solicitou pró escritor unha pena de dous anos de prisión e multa de cen mil pesetas, así como unha xeira de inhabilitación especial de dez anos.

Os letrados defensores negan a comisión dos delitos que se lle imputan ós seus patrocinados e solicitan, polo mesmo, que sexan absoltos libremente con tódolos pronunzamentos favorábeis".

## A Agrupación Galicia Renovou Autoridades

A Asamblea Anual Ordinaria levada a cabo o II do corrente, procedeu á renovación parcial da Xunta Executiva desta Agrupación, a que ficou constituída da seguinte maneira: Presidente, Xoán Mancel Pérez; Vicepresidente, Evaristo Miguez Illobre; Segretario, Serafin Gonzalez Alonso; Prosegretario, Xosé Castañeiras; Segretario de Aitas, Mario Izquierdo; Tesoureiro, Manuel Edoardo Nuñez; Profesoireiro, Ramón Abuin Guimarey; Vocáís tidoores: Xosé Amor, Xesús M. Anduía, Alberte Torreiro, Roberto X. Gato, E Vocáís Suplentes: Xorxe Torres, Xoán Carlos Caputo, Leovixildo Alonso, Manuel Pablo Sande, Antón Cabo; Revisores de Contas: Xesús Alonso, Mo- lesto Costas e Ricardo Cimbriño.

## DE "LATITUDE FISTERRE"

No baleón do Cerro Ourense a súa figura perfíuse contra o ceo. Máis alá topábanse as estrelas, e teiro que alumearía toda a súa vida.

—O—  
Era galego inda falando en castelán.

—O—  
Ningún enterro máis morriñoso que o de Castelao. Era que escocenzaba a vida verdadeira.

—O—  
Dibuxou cegos como quen cumpre un destino.

—O—  
As vegadas surría imperceptiblemente en busca dunha tristura esquecida.

—O—  
A noite do estreno de "Os vellos non deben namorarse", cando saíu agradecer os aplausos, tivo un aceso de resignación, como témelo de non haber cumpido.

—O—  
Pra moitos falar de Castelao é unha obriga. Pra outros unha responsabilidade. Pra min un sentimento.

Precisamente por se haber adiantado á súa época foi fidel á súa época. O suor da súa época.

—O—  
Os epígrafes dos seus dibuxos estí escritos con sangue.

—O—  
Bo Aves que ten o oreullo de custodial, algun terá que ollalo partir. Será a revancha da Galicia emigrante.

—O—  
Tense cumpido un novo cabodano do pasamento de Alfonso R. Castelao. E toda a galegidade en pleo emocionouse de novo pe-

# A NOSA TERRA

Reg. Nacional de la Prop. Intel. (en trámite) — Redacción: Av. BELGRANO 2186

## O COSELLO DE GALIZA CUMPRIU VINTECINCO ANOS

O día 8 de Nadal do 1944, ano dunha grande e patriótica esperanza pra tódolos emigrados residentes na Arxentina, Uruguai e outros países, permanentemente cobizosos de ollaren a súa terra ceibe da tiranía que a a'errolla, Castelao, dacordo cun grupo de deputados galegos residentes en diversos lugares do mundo, creou o CONSELLO DE GALIZA, de tan fecunda labor política inspirada nos máis puros sentimentos patrióticos e democráticos.

Integraban orixinalmente o Consello, entre outros, Castelao, Alonso Ríos, Suarez Picallo, Somoza, Vilaverde e Portela Valladares.

O día asinalado, na morada de D. Manoel Puente, perante un distinguido fato de representantes da coleiividade galega citados atal efecto, deuse lectura á alta de fundación dún organismo que tiña por ouxeto asumir a dirección política do país galego en canto findara a Segunda Guerra Mundial.

Coidábase, i era lóxico créio así, que findada a guerra os trunfadores que xa entón se presentia, ían gañar, farían desaparecer ós despóticos gobernos feixistas dando lugar a establecer réximes democráticos en toda a Hespaña. Desgraciadamente pra Hespaña, e por ende Galicia, non ocorreu así. Os países "democráticos" incruzo a Unión Soviética contra quen Fran-realizacións da actual Xunta Dico mandou a División Azul, fixeron

gavidos xordos a tódolos actos e protestas que se levaron a cabo contra do ominoso réxime franquista que deica hoxe ven aldraxando ós povos hispánicos perante a indiferenza criminal das seudes democracias europeas e americanas.

No acto que comentamos previas unhas verbas do anfitrión, falou Castelao, espicando as razóns da creación do Consello de Galiza e conceptos fundamentais da histórica acta.

Foi así como o Consello acadou unha total aprobación da coleiividade galega democrática nun ambiente entusiasta e afervorado.

Poucos días despois a Federación de Sociadets Galegas remesou ó Consello de Galiza a súa total adhesión, pondo ás súas ordes o periódico "Galicia", órgao oficial de mesma, e publicando a tódala páxina a acta de creación do Consello.

Dende entón, o labor foi seguido con paixón, mantendo o Consello de Galiza unha conduta firme e insobornábel. Delegacións en París, Montevideo, Caracas, México, Estados Unidos e na Terra, traballen decote pola liberdade da Patria.

O espírito orixinal segue marcando o rumbo. Fideles tódolos conseleiros que se sucederon á premisa de Castelao: Sempre en Galiza, pra servila.

## FOI HOMAXEADO DON DANIEL CALZADO

A Agrupación pro Centro Galego "Bregán" agasallou ó seu ex presidente e presidente Honorario don Daniel Calzado e a un calificado fato de ex directivos que o acompañaron na xestión de creación, organización e posta en marcha desta xoven organización que xurde vigorosa como unha forza nova e progresista a carón do Centro Galego e da coleiividade mesma.

O acto de homaxe a Don Daniel e ós señores Hixinio Expósito, Dalmiro Estevez, Manoel España, Xaquín Fernandez Goyanes, Xosé A. Orrea, i Edoardo Sanchez Millares, realizouse o 28 de novembro ppdo. nun amplo salón desta cidade.

Encetouse o acto cunhas breves verbas de oferescemento polo segretario da Agrupación señor Vicente Velasco.

Aseguido, o señor Lois Fontoira foi dando lectura ás adhesións recibidas do país e de Galiza: Agrupacións "A Terra", "Galicia" e "Unión Galega"; Centros Pontevedrés, Lucense, Coruñés e Ourense; Unión Tomiñense e Centro Republicano Español, Centros Galegos de Mar del Plata e Tandil; Audición Re-

cordando a Galicia, Federación de Soc. Galegas, Irmandade Galega e Consello de Galiza.

De Galiza: Edoardo Blanco Amor, Xoán Noya Gil, Domingo Garcés Campos, Domingo Garcia Sabell, Valentín Paz Andrade, Francisco F. del Riego, Manoel Beiras Garcia, Victoriano Alvarez Orduña e Ramón Otero Pedrayo.

Do Uruguai: Xesús Canabal, Presidente do Banco de Galicia en Montevideo; do Paraguai: Guido P. Avila.

Falou o presidente de "Bregán" señor Manoel Garcia facendo unha doada eísaltación da personalidade do agasallado:

... "A non dubidalo, Don Daniel Calzado é unha figura patriarcal da Coleiividade. A súa acción proxeitouse ó través de anos e de obras en todo aquilo que tivo proxección e significación colectiva. A súa conduta democrática e patriótica, avala i enaltez calisquera vida: a de'e. longa e prolífica, está chea de logros, de vida singular..."

Seguiu no uso da verba o señor Alfonso Reboreda, Presidente do Centro Galego, quen improvisou un brillante discurso dando conta de reactiva do Centro e, recadando, dende xa, a colaboración das mulleres a quenes o novo Estatuto accorda a plenitude dos seus dereitos.

O señor Reboreda rendeu o seu homaxe a Don Daniel Calzado e ós demais homaxeados, algúns deles, como os señores Expósito, Fernandez Goyanes, Orrea e Sanchez Millares, son seus compañeiros de Xunta Directiva.

Visiblemente emocionado o señor Daniel Calzado agradeceu en nome dos seus compañeiros e do propio, o homaxe de que eran ouxeto.

FALAR GALEGO, INGLES, FRANCES, NON SINIFICA FALAR MILLOR NI PIOR. EQUIVAL A FALAR DIFERENTE.